

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO
Igualdade

ACTA DA SEGUNDA XUNTANZA DO XURADO DO PREMIO DE ENSAO E CREACIÓN AUDIOVISUAL XOHANA TORRES, NA SÚA EDICIÓN DE 2018

No Salón Verde do Pazo de Raxoi, ás trece horas e quince minutos do día vinte de febreiro de dous mil dezanove, reúñese o Xurado do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición 2018, para tratar a seguinte

Orde do día:

PUNTO ÚNICO: Deliberación e decisión do xurado sobor os traballos presentados.

Asisten:

Presidenta: Dña. Marta Lois González, concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

Vogais: María do Mar Lorenzo Moledo, vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos, por delegación do Reitorado da USC.

Erika Jaraiz Guliar, profesora do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía, da USC.

Elvira Fidalgo Francisco, profesora titular da Facultade de Filoloxía Galega, da USC.

Mª Pilar Jiménez Aleixandre, profesora Ad Honorem da Facultade de Ciencias da Educación, da USC.

Gonzalo Francisco Fernández Suarez, vicedecano da Facultade de Humanidades, da USC.

Carlos Toural Bran, vicedecano da Facultade de Ciencias da Comunicación, da USC.


Roberto Castro Sieiro, membro do Gabinete de Comunicación, da USC.

Actúo como secretario Ricardo Rivera Capelo, por delegación do secretario xeral do pleno do Concello de Santiago, do 22/01/2019.

Nesta edición, presentáronse catro traballos na modalidade de ensaio, que son os seguintes:

1. Trabar o beizo, seudónimo Invernía, con entrada no Rexistro Xeral do Concello o 31/12/2018, e número 57.379.
2. Galegas na agra das Jazz Band, seudónimo Magda D., con entrada no Rexistro Xeral o 31/12/2018, e número 57.433.
3. Nosotras sempre navegar, seudónimo Maxa, con entrada no Rexistro Xeral o 31/12/2018, e número 57.436.
4. A Berenguela, seudónimo A Berenguela, con entrada no Rexistro Xeral o 17/12/2018, e número 55.737.

Xa que logo, nesta edición non se presentou ningún traballo, na modalidade de creacións audiovisuais,



CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO
Igualdade

Segundo o disposto na Base NOVENA "a decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer o día 8 de marzo do ano seguinte á convocatoria nun acto público celebrado para tal efecto na Casa do Concello".

O cambio de data do día 8 de marzo, data que se recolle nas bases, ao día sete de marzo, acórdase en atención a que o venres día 8 de marzo está convocada unha Folga Feminista co gaio do Día Internacional das Mulleres.

Tras dúas rondas de debate e intercambio de opinións por parte do persoal membro do Xurado, decídese por unaminidade, que a Edición 2018 do Premio Xohana Torres, quede DESERTO, por non acadar ningunha das obras presentadas o nivel de calidade literaria deste premio.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión ao redor das catorce horas e trinta minutos. .